

26/12/2017

IDEAS E BOAS PRÁCTICAS

A sección [Ideas e Boas prácticas](#) da nosa páxina web suma un novo proxecto aos seus contidos.

Trátase da iniciativa "Achegando culturas" coa que a [Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas](#) de Vigo e o dispositivo da [Fundación Secretariado Gitano](#) nesta cidade, traballan para fomentar a lectura, a integración e a diversidade social entre o colectivo xitano da nosa comunidade desde o ano 2012. Un proxecto recoñecido do que podedes atopar máis datos neste [apartado](#) creado na nosa web.

Aproveitamos a ocasión para lembraros que podedes facernos chegar os vosos proxectos e iniciativas ao noso enderezo de correo electrónico que atoparedes na páxina de [Contacto](#). Non esquezades describir o máis detalladamente a vosa achega e engadir nela os recoñecementos acadados e a repercusión nos medios de comunicación.



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

[Proxecto "Achegando Culturas"](#)

[Biblioteca Xosé Neira Vilas de Vigo](#)

[Fundación Secretariado Gitano](#)